

## A representación da realidade galega na Televisión de Galicia

Xosé Soengas e Ana Isabel Rodríguez<sup>1</sup>

Este estudio é resultado dun proxecto de investigación do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, no que se analizan os contidos dos informativos. Para esta comunicación en concreto tomouse como obxecto de estudio a Televisión de Galicia, e analizáronse os informativos do mes de novembro de 2003, utilizando o método da semana composta. O resultado da investigación é ben ilustrativo.

A visión que da a Televisión de Galicia da nosa comunidade a través dos seus informativos non reflicte a auténtica realidade política, económica e social do país e, polo tanto, a emisora non cumpre o papel de servicio ós cidadáns que lle corresponde a un medio de comunicación público. O tratamento informativo dos contidos dos Telexornais está orientado para fabricar unha imaxe irreal do país, silenciando ou deformando aqueles acontecementos que perxudican á Xunta de Galicia e, ó mesmo tempo, potenciando todos aqueles feitos que engrandecen ó Goberno do PP ou que desgastan á oposición.

A falta de pluralidade informativa reflíctese no tratamento desigual que se lles da ós diferentes suxeitos informativos, en función da súa afinidade coa liña política gobernante, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo.

O organigrama establecido e as rutinas implantadas nos procesos de produción da información da TVG fomentan o control absoluto dos contidos desde os postos directivos, impedindo ós redactores a posibilidade de traballar con liberdade, especialmente naquelas noticias que se consideran delicadas, maiormente as de índole política. O necesario control de calidade que lles corresponde facer ós directivos case sempre deriva nun control político, cumprindo indicacións precisas do Goberno sobre o tratamento que se lles debe dar a

determinados feitos, extralimitando así as funcións propias dun xornalista.

O tratamento estético dos contidos da TVG segue os mesmos criterios, sempre encamiñado a favorecer-la imaxe das personas próximas ó poder e a deteriora-la daqueles sectores que exercen como oposición. A desigualdade de trato que reciben os diferentes líderes políticos e mailos diversos sectores socioeconómicos é evidente. Moitas veces a imaxe convírtese nun aliado do texto para reforza-la censura ou ese enfoque artificial encamiñado a construír un discurso predeterminado.

O fomento dos tópicos costumbristas e a implantación dunha liña conservadora ensombrecen os aspectos comprometidos, contestatarios, novidosos e progresistas que case nunca son recollidos nos informativos porque chocan coa política conservadora do Goberno.

Como resultado desta liña informativa, a sociedade galega recibe, a través da Televisión de Galicia, unha imaxe sesgada e uniforme que corresponde ás liñas xerais de actuación da Xunta de Galicia e que non reflicten a auténtica realidade da sociedade galega. Así, a TVG deixa de cumprir as funcións propias dun medio de comunicación público e perde a súa esencia ó poñerse ó servicio do Goberno da Xunta de Galicia.

En termos absolutos e porcentuais, e según os datos obtidos das unidades informativas (100 pezas) e tempos analizados (2 h. 34'28"), pódese deducir que, como era de esperar, o peso informativo de Galicia nos noticieros da TVG é predominante (54% das pezas e 52% do tempo) fronte ó resto de contidos de carácter nacional (35% das noticias e 30% do tempo) e mesmo internacional (11% de pezas e 18% do tempo). Desde este punto de vista, pódese dicir que a TVG sí que cumpre unha das súas funcións que é a de dar prioridade á información da

comunidade autónoma. Precisamente as principais razóns que se argumentaron no seu momento cando se crearon as televisións autonómicas foron a contribución á normalización lingüística e preservar as identidades culturais fronte ós contidos xeneralistas de TVE, onde quedaban moi mermadas todas aquelas informacións que tiñan un interese específico para unha comunidade, pero que non acadaban a suficiente entidade informativa como para interesar a unha televisión estatal. Pero este cumprimento é só aparente, porque aínda que a información referente a Galicia é a que ten maior presenza, esta porcentaxe, como se verá logo, ten uns contados ben definidos, a veces monocolor, que non reflexan a pluralidade política nin a diversidade cultural que hai en Galicia.

Un simple análise cuantitativo non permite apreciar tódalas particularidades que logo se atopan cando se fai un despece pormenorizado, atendendo xa ós contados, ós enfoques informativos e ó tratamento específico de cada noticia. Por exemplo, aínda que nalgúns casos a presenza dos partidos nos telexornais é equitativa, logo prodúcese o desequilibrio no tratamento informativo, xa que o tratamento de tódalas informacións


referentes ó PP e máis ó Goberno da Xunta reflexan claramente a afinidade política da TVG. E esta política informativa compróbase dobremente ó analizar todos aqueles temas relacionados cos partidos da oposición, especialmente co PSOE.

Nos temas que non son de índole política tamén se aplican criterios semellantes. Existe unha tendencia a potenciar aquelas informacións que, indirectamente, favorecen a imaxe do Goberno da Xunta ou ben que perxudican á oposición.


Os temas que non interesan ó Goberno da Xunta, ben por razóns políticas, económicas, ideolóxicas ou incluso estratéxicas son directamente silenciados.

Esta é outra das razóns polo que se aprecia unha reiteración temática, facendo un énfasis extraordinario en determinados feitos, mentras que non aparecen recollidos outros aspectos que configuran a realidade política, económica e social galega. Por exemplo, non se fai referencia a problemas ecolóxicos, á precariedade dalgunhas infraestruturas, especialmente as autoestradas e as vías férreas e tampouco se analiza a difícil situación dalgunhas zonas rurais ou as consecuencias da desindustrialización.

#### Ámbito xeográfico da información (nº pezas)



#### Ámbito xeográfico da información (tempo)



Das 100 informacões estudiadas, 54 pezas tratan temas galegos, 35 nacionais e 11 internacionais, o que en tempos se traduce en 1 h.24'11" de contidos sobre Galicia, 49'26" nacionais e 29'54" internacionais.


Analizando a estrutura dos informativos da TVG no mes de novembro de 2003, obsérvase que a maior concentración temática se produce en torno á sección de Sociedade cun 52% das noticias e un 53% do tempo observado. Cómpre destacar que se consideran incluídos os sucesos que equivalen a 35% das pezas da sección. O segundo bloque temático de maior importancia nos telexornais da TVG corresponde ós asuntos políticos co 35% das pezas e do tempo analizados. Por último inclúense as seccións de Economía (10% das informacões e 9% do tempo) e de Cultura con apenas presenza nestes noticieiros (3%).

O desequilibrio entre as seccións é evidente. Resulta significativo, por exemplo, a pouca importancia que se lle dá á cultura,


ó que se traduce nunca presenza nos telexornais casi testemuñal, cando en realidade, como xa se mencionou antes, unha das razóns da creación das televisións autonómicas foi precisamente o fomento da cultura e a conservación das identidades.

Este desequilibrio temático, en certa medida, ven derivado dunha inercia establecida que consiste en priorizar dun xeito sistemático as noticias de contido político aínda que moitas veces carezan de interés informativo. O actual sistema de funcionamento dos medios públicos, onde os partidos políticos, extrapolando inxustificadamente unha normativa creada para espazos de propaganda electoral esixen case diariamente unha presenza proporcional a súa representación parlamentaria, desnatura os contidos dos telexornais, pois este criterio obriga a descartar temas interesantes para poder incluír informacões completamente rutinarias.

**Estructura informativa: seccións (noticias)**



**Estructura informativa: seccións (tempo)**




Analizando as seccións, destacan: Sociedade con 52 pezas e 1h.22'29" (delas, 18 pezas son de sucesos, con 14'28"); Política (35 pezas e 53'22"), Economía (10 pezas e 13'04") e Cultura (3 pezas e 4'06").

Facendo unha prospección específica dos contidos de carácter político, como principal motivo de análise desta comunicación, obsérvase unha presenza desigual dos diferentes partidos políticos e institucións nos noticiosos da TVG, moitas veces sen atopar un elemento obxectivo que xustifique esa diferenza.


De novo empregando unha técnica descriptiva en termos absolutos en canto ós datos obtidos da observación dos informativos televisivos, pódese deducir que a presenza

da política galega con respecto á política nacional ou internacional queda mermada en canto a número de pezas e minutos de información ofrecidos (46% das pezas e 36% do tempo do bloque político). Datos que neste caso concreto contradín o inicialmente afirmado sobre a presenza global da realidade galega claramente superior a contidos de corte nacional ou internacional. Motivo de análise pormenorizado é, polo tanto, o por qué da menor presenza da política galega nestes noticiosos, fronte á política nacional e internacional, dun lado; e doutro, o protagonismo das diferentes forzas políticas, do goberno da Xunta e das institucións galegas.

### Presencia da política galega na información da TVG (pezas)



### Presencia da política galega na información da TVG (tempo)




Gráficos que trasladan a termos porcentuais datos absolutos sobre a presenza da Política galega (16 pezas e 19'33"), e da Política nacional e internacional (19 informacións e 34') nos informativos da TVG.

Cómpre precisar que, aínda que maioritaria (31% do tempo do bloque político), a información institucional adquire especial relevancia na mostra analizada debido á conmemoración dunha efeméride concreta como o 25 aniversario da Constitución española. Destaca, pola contra, a superior presenza do BNG (26%) sobre o Goberno galego (16%), o PSdeG-PSOE

(11%) e o PPdeG (16%). Pero estes porcentaxes, que poderían aparentar unha certa pluralidade, contradínse logo co enfoque informativo aplicado a cada partido político, que, en realidade, é donde se advirten as verdadeiras tendencias e onde queda reflexada a política informativa da TVG.

A análise tamén variaría lixeiramente ó adoptarse unha medición relativa, considerando nun bloque unitario o tempo concedido ó PP, ó Goberno da Xunta e ás institucións por canto se atopa un trasfondo político monocolor fronte á oposición.

### Presencia dos partidos, Goberno e institucións na información política galega (tempo)



O gráfico reflicta o peso da información institucional (5'55"); así como a presenza do BNG (5'10"), o Goberno (2'51"), o PSdeG-PSOE (1'56") e o PP (3'41"). De considerarse información "monocolor" os contidos referentes ó Goberno, as Institucións e ó PP, obsérvase un claro predominio deste partido sobre a oposición (PP: 11'57", fronte ós 5'10" do BNG e o 1'56" do PSdeG-PSOE).

Alguns dos valores cuantitativos expostos con respecto á información política ofrecida pola TVG veñen a confirmar en gran medida as reflexións de partida desta investigación, por canto se reflicten no enfoque tanto estético como de tratamento que a canle autonómica lle aplica a cada formación política. O "silencio" informativo ó que se somete ó PSdeG-PSOE contrasta, sen embargo, co protagonismo do BNG como partido con maior presenza na crónica política da TVG, mesmo por diante do PPdeG. Sen embargo, adoptando unha perspectiva conxunta en canto a medición de forzas políticas desde tódolos puntos de vista analizados (institucións, gobernos e partidos),

o PPdeG pasa a se-la forza claramente dominante na información política diaria da canle autonómica que, ademais, ofrece un tratamento desigual ós líderes políticos, por canto os representantes da oposición apenas aparecen de xeito directo (non hai apenas declaracións dos líderes do PSdeG-PSOE nin do BNG), fronte á presenza directa de líderes do PPdeG relacionados con tarefas de goberno; do que se deduce que a imaxe pública que se traslada desde a TVG á sociedade galega sobre PPdeG se fai en termos claramente positivos (eficacia de xestión, propostas, poder, etc.), fronte á imaxe que se ofrece dos partidos na oposición (propostas e líderes silenciados, problemas internos desde o punto de vista partidista, etc.).

Á marxe da manipulación xa referida, pódese concluir que os informativos da TVG constrúen sistematicamente unha imaxe en positivo do PP e do Goberno da Xunta cunha carencia casi absoluta de posturas críticas cara as institucións públicas. Ó mesmo tempo, a homoxeneización temática e as preferencias continuas merman a diversidade.

**Bibliografía**

**Bordieu**, P. *Sobre la televisión*. Anagrama. Barcelona. 1997.

**Chomski**, N.; **Ramonet**, I. *Cómo nos venden la moto*. Icaria. Más moderna. Barcelona. 1995.

**Velázquez**, T. *Los políticos y la televisión. Aportaciones de la teoría del discurso al diálogo televisivo*. Ariel Comunicación.

Barcelona. 1992.

**Vilches**, L. *Manipulación de la información televisiva*. Paidós Comunicación. Barcelona. 1989.

**Watzlawick**, P. *La realidad inventada*. Gedisa. Barcelona. 1998.

---

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela.